



¿QUE ESTÁ PASANDO EN MEDIA MARKT VIGO?

Os Delegados de CCOO e CIG do Comité de Empresa de Media Markt Vigo, queremos denunciar publicamente e en especial os traballadores e traballadoras do centro, a situación que se está a vivir.

Descoñecemos os motivos dos despedimentos e a estratexia seguida para seleccionar aos sinalados, aínda que nola imaxinamos, pero sabemos que mentres por unha banda os mesmos se producen, continúaase contratando, é dicir NON sobra persoal. Despréndense de Compañeiros e Compañeiras que levan dende a apertura da tenda traballando para Media Markt, compañeiros e compañeiras con nomes e apelidos e coa súa vida vinculada a esta empresa, compañeiros que son enviados ao desemprego sen contemplacións, non porque non sexan necesarios (de feito á mesma hora pódese estar a asinar un novo contrato), senón por algún capricho estratéxico, para que alguén cobre os seus Bonus e acade os seus obxectivos.

Aplican a reforma laboral despedindo aos traballadores con xornada completa para facer novos contratos por horas. Á vez que hai despedimentos hai novas incorporacións, é un ciclo. Ademais, as condicións laborais empeoran constantemente (“obligatoriedade” de traballar Domingos, ”horas extras”, descoñecemento do horario mesmo o día antes de comezar a xornada laboral, ameaza constante de despedimento...)

Esta empresa que dende os medios de comunicación presume de modelo empresarial e motor de crecemento, esconde detrás unha volta ás condicións laborais do século XIX, onde os traballadores e non digamos as traballadoras carecían de dereitos e eran explotados, espremidos e refugados á necesidade do empresario. E parecen non saber que precarizando o Emprego nos Centros de Traballo só conseguen desmotivar aos traballadores, o cal repercute tamén nas vendas e en algo tan importante como a atención ao cliente, co cal se debería tender a converter o emprego parcial en completo e non á inversa.

Nós, como Delegados, seguiremos denunciando nas reunións coa Xerencia da tenda os despedimentos inxustificadas, a falta de persoal para levar a cabo as funcións diarias da mesma e todo aquilo que consideremos que vaia en contra das condicións de traballo digno dos compañeiros e compañeiras, e que impida a conciliación laboral coa súa vida persoal e familiar.

POR UN TRABAJO DIGNO BASTA DE DESPIDOS E AMEAZAS!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!